

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE MAIO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros en funcións DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local en funcións que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 18 de abril de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a desestimación da petición de silencio administrativo positivo na solicitude formulada para reforma interior de vivenda unifamiliar en ringleira con licenza número 142/69, con modificación da pendente da cuberta e aproveitamento do espazo baixo cuberta, sendo a localización da obra rúa Mariscal Pardo de Cela, número 12.

Acórdase excepcionar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, solicitada para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, sito na rúa Serra de Outes, número 60.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita en Marcoí, parroquia de Santa María Alta; para modificación da licenza número 112/11 de construción de edificio por reaxuste das dimensións reais do soar mantendo a planta baixa para garaxe aparcadoiro,

portal e servizos das vivendas (lavadoiro tendal, almacén e oficce) e dúas plantas altas para dúas vivendas con aproveitamento baixo cuberta para vivenda vinculada á planta inferior e rochos sito na rúa Venancio Senra, número 74; para modificación das licenzas número 118/07 e número 335/09 para constitución dun garaxe conxunto nas plantas soto -2 , soto -1 (que ten condición de planta baixa á rúa San Roque), e planta baixa á rúa Xacinto Calvo, por onde se produce o acceso, sendo a localización da obra en solo urbano, rúa Xacinto Calvo esquina rúa San Roque, números 82, 84, e rúa San Roque, número 86; para acondicionamento de local para uso administrativo no edificio sito na ronda da Muralla, números 80-81; para construción de vivenda unifamiliar illada e recuperación de alpendre tradicional existente no núcleo rural tradicional de Viña+Fazai, parroquia de San Martiño de Carballido; para substitución de cuberta en vivenda unifamiliar con licenza número 109/81, así como distribución do espazo baixo a mesma cuberta sen cambio de uso (rocho), sita no núcleo rural tradicional de Ponte de Castro, número 19, parroquia de Santo André de Castro; para desmontaxe e posterior montaxe da columna de peche ata o nivel da rasante para acceso da maquinaria necesaria para a execución da obra con licenza número 479/09, de rehabilitación dos edificios situados na praciña do Colexio, números 2-3 e para legalización de ampliación e reforma de nave existente para fábrica de tubos e accesorios de plástico na rúa da Industria-rúa Agricultura, subparcela 109-110A.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo pola Xefa da Sección de Estatística e Cemiterio e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase o inicio e posta en marcha da realización de tres accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.

Acórdase o sometemento a información pública e traslado ás administracións afectadas do estudo de viabilidade para a construción e explotación dun complexo deportivo no barrio de San Fiz en Lugo.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refº: 11extractoxg24.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-5-2011

4. FACENDA LOCAL.- Apróbase a solicitude presentada na que insta a concesión da bonificación do 95% da cota da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por atoparse as obras de reforma do inmovible sito na rúa Quiroga Ballesteros, 5-1º, dentro da zona delimitada polo plan especial de protección e reforma interior (PEPRI).

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a inadmisión do recurso de reposición interposto, contra o acordo da Xunta de Goberno Local, polo que se aprobou a liquidación de indemnización polos danos producidos por filtracións pluviais a través de cuberta no inmovible denominado “Centro de Servizos Municipais”.

Lugo, 25 de maio de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO EN FUNCÍONS,

Asdo.: Lino José González-Doposo García